ATENEA

51







Foto: Xoán Porto

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 51
Xuño 2022

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL e
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

Portada: Porta do estaleiro. Fernando Rivera















Na Revista anterior no limiar, centrámonos nos acontecementos do 10M de 1972. dos que este ano conmemóranse os 50 anos daqueles feitos, onde se celebraron moitos actos que aínda non remataron, durarán ata finais de ano, nós continuaremos colaborando como fixemos ata agora.

Pero nestes momentos debemos resaltar que estamos nunha fase de recuperación da actividade cultural, na que se evidencian as carencias económicas que temos en Ferrol, polos escasos recursos que se adican a actividade cultural que son suplidas polas asociacións culturais con esforzo e imaxinación, esforzo que se albisca de maneira aínda incipiente.

Noutro orde de cousas, pero sobre o mesmo, faremos unha pequena referencia ao Plan de Cultura promovido polo Concello, en rigor polo grupo de goberno do mesmo, esta é unha iniciativa na que se ven traballando desde hai anos, en diferentes fases, contratacións externas, pouca implicación social, con resultados moi cativos no referente os resultados dos traballos realizados que agora entraron nunha nova fase que se atopa en período de consultas cas Asociacións Culturais de maneira individual, non sabendo como se vai articular o plan no seu conxunto.











Esta iniciativa para ser positivos podería ser interesante, sábese que duraría 6 anos, é dicir máis dunha lexislatura o que implicaría un compromiso e apoio das formacións políticas con Representación no Concello e apoio do tecido asociativo de Ferrol, esta iniciativa, pensamos que está abocada o fracaso, daremos dúas razóns para explicar a contundencia desta afirmación, non conta co apoio de ningún dos grupos políticos da Corporación (PP- FERROL en COMÚN- BNG) e sobre todo porque neste momento xa queda menos dun ano para as próximas eleccións municipais.

En todo caso desde o Ateneo Ferrolán estivemos a participar desde o inicio dos traballos de forma virtual e cando foi posible de forma presencial, recentemente mantivemos a entrevista a que se nos convocou para expoñer a nosa opinión na que fixemos algunhas aportacións que se centraron en aspectos fundamentalmente estruturais, que cuestionan a crecente privatización dos traballos e xestión das estruturas culturais municipais, na reforma da estrutura orzamentaria para establecer con claridade e transparencia os recursos que se adican a cultura en Ferrol, que se separen os adicados a convenios nominativos e os de libre concorrencia, que se podían establecer actividades plurianuais con xustificación anual (evitaría baleiros e inseguridade xurídica) e rompería coa inercia do "vai facendo".



Xavier M. Dongil

Presidente do Ateneo Ferrolán









Fotos: Xoán Porto

Separar os recursos das asociacións sen ánimo de lucro das asociacións profesionais e tamén das empresas, o Plan debería ser público e participativo. Non como agora. Para o cal debería retomarse a idea do Padroado ou dun Instituto ou calquera figura xurídica de similares características, fomentar as sinerxías entre asociacións, creación dunha WEB específica municipal para que cada asociación suba as súas actividades, establecemento dun regulamento para promovela actividade cultural, daríalle maior proxección e visualización, facer un plan asociado á cultura para poñer en valor o traballo realizado.

Non podemos rematar este limiar sen compartir a satisfacción e éxito do Acto Institucional, onde se fixo oficial a recepción dos bens do Ateneo que estiveron secuestrados algo máis de 10 anos, rescatados polo Concello de Ferrol, no acto presentáronse unha grande parte, escollida, dos devanditos bens. Contamos coa asistencia de 4 ex-presidentes do Ateneo ademais de representantes de todos os grupos políticos municipais encabezados polo Alcalde, tamén estivo a Delegada da Xunta para Ferrol, a iniciativa tivo unha boa acollida e con grande repercusión mediática.

Agora toca gozar do verán e coller folgos para setembro.

O RETORNO ÁS ORIXES:

DO PRIMEIRO ENCONTRO AO PRIMEIRO CONGRESO



Foto: Arquivo Ateneo

Por Francisco Oti Ríos

secretario da Academia Galega de Teatro


Poida que a Comarca Ferrolán sexa hoxe unha contorna merecente de incentivos e proxectos que movan a economía para asegurar a súa supervivencia, mais esa precaria situación non dificulta o desenvolvemento cultural, porque esta comarca ten algo que vai mais aló dos bens materiais, máis aló dos necesarios recursos económicos que permiten activar e promover actividades; non haberá moitos cartos, nin investimentos dabondo; pero si hai un capital simbólico importante: o capital humano. Un capital humano coa súa capacidade de facer, de inventar de construír; un excelente capital que, entre as xentes do teatro, adoitamos en chamar “A Canteira ferrolá”.

O poder e a capacidade deste fenómeno -aínda por estudar como se merece-, deu, dá e dará para a cultura e para o teatro grandes logros, boas actividades e algúns e algunhas profesionais que dedican a súa vida ao oficio nas táboas.

As pegadas deste fenómeno pódense apreciar en moitos aspectos da creación literaria, teatral, cinematográfica ou cultural; mais tamén na organización e na asociación cidadá; velaí o caso do Ateneo Ferrolán, sobrevivindo aos máis adversos ventos e tormentos.

Non resulta, polo tanto, estraño que Ferrol siga no mapa, culturalmente falando, pois que Ferrol e a súa contorna contou e segue a contar, con ese importante capital simbólico e por iso resulta para moitos un referente.

Unha desas paradigmáticas referencias é para nós o Primeiro Encontro do Teatro Profesional, celebrado hai máis de 30 anos no Ateneo (1988) coa participación activa nunha renacente profesión; mais sendo importante esa referencia non é a única, pois tamén poderiamos incluír como referentes outras actividades no Ateneo, coma o Premio de Teatro Infantil, a creación do Taller de Teatro, o Centro de Documentación, os Xoves Teatrais, a Mostra "Xeración Nós" ou o, xa máis recente, Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "Atenea"; exemplos de bo facer e contribución ao sistema teatral desde Ferrol.





Cartel dos Xoves Teatrais. Deseño: OTI. / Portada das Actas do Primeiro Encontro do Teatro Profesional. Deseño: PERMUY.

E non queriamos, desde a profesión teatral, esquecer esas circunstancias e ter unha lembranza directa deses feitos na presentación das Actas do Primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego que o pasado 16 de xuño presentamos no Ateneo Ferrolán.

A realización dun Congreso xa nos roldaba no caletre aló polos anos setenta, cando aínda non había autoestradas, nin teléfonos móbiles, nin metaverso; cando o feito teatral era un fervello de ideas e proxectos, de reunións e propostas, desde Ferrol ata Vigo pasando por Ourense e Ribadeo; mais a súa realización tería que agardar ata a chegada da autonomía e a creación das institucións públicas para facerse realidade.

Así, naquela oportunidade de 1988, o Encontro foi unha realidade inaugurado por Raquel Casal García, Directora Xeral de Cultura da Xunta de Galicia; e no seu desenvolvemento tiveron unha participación activa Antón Louro Goyanes, Subdirector Xeral de Promoción Cultural e o Doutor ferrolán Bonifacio Borreiros, Xefe do Gabinete Técnico da Consellería de Cultura quen, logo diso sería ascendido a Director Xeral de Cultura por Alfredo Conde, recentemente nomeado, Conselleiro de Cultura.

As institucións públicas apoiaron o primeiro Encontro con recursos e de forma presencial, cuestión que, 32 anos despois, non se reflectiu no Primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego que, se ben, recibiu apoios económicos das institucións públicas e privadas, tamén acusou a ausencia dos responsables de deseñar, implementar e executar as políticas teatrais.

Se o Encontro atopou no tecido peninsular os apoios e a participación de persoas e institucións teatrais e de xestión; o Congreso foi máis aló e a presenza de especialistas e profesionais colleu carácter internacional, estatal e galego; coa participación activa de profesionais de Francia, Portugal, Cataluña, Madrid ou Extremadura ademais de Galiza; e fixo visible esa cuestión tanto nas Comisións Científica e Organizadora coma na presentación diaria de mesas de traballo e palestras.

A pandemia tamén afectou ao Congreso con contundencia e levou á organización a pospoñer a celebración ata ter garantías da celebración, mesmo a contemplar o feito de ter que facelo en streaming, cuestión que finalmente se mantivo para permitir a participación de daquelas persoas que sobre pasaban o aforo permitido. A simultaneidade das palestras e das mesas previstas, obrigada pola cantidade de temas propostos, complicou aínda máis a organización do congreso pero a experiencia e dedicación do equipo de organización permitiu o desenvolvemento do evento en perfectas condicións, tal e como estaba previsto.

Tralo Congreso un equipo de editores formado por Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, Carlos Lorenzo Pérez, Dolores Vilavedra e mais eu, nos puxemos a traballar arreo na edición das Actas do Congreso en colaboración co Consello da Cultura Galega que desde o principio amadriñou á Academia Galega de Teatro e o seu proxecto estrelar, o Primeiro Congreso Internacional do Teatro Galego.

Foi un traballo duro, complicado de asentar no rigor académico e sobre todo pola diversidade dos temas tratados, polos seus enfoques e polos diferentes estilos, tamén polo uso dos tres idiomas do Congreso: Portugués, Castelán e Galego; que así quedan reflectidos no volume de mil páxinas que recollen o pensamento teatral aquí e agora; mil páxinas que agardamos supoñan tamén mil primaveras máis para o Teatro Galego.



Portada das Actas do I Congreso Internacional do Teatro Galego. Imago Mundi deseño.


Foto: Arquivo Ateneo


Foto: Arquivo Ateneo

Nada é produto da casuística e a presentación do libro das Actas do Congreso tampouco podía ser; había que buscar o marco axeitado e este non podía ser outro que o Ateneo Ferrolán. O mesmo Ateneo que nos acolleu en 1988 e onde se forxaron as ideas que moveron o teatro destes últimos 30 anos; pareceunos xusto e necesario, o mesmo que aproveitar tal circunstancia para recoñecer a labor teatral constante durante todo ese tempo que levou a cabo Luciano Fernández Vicente, Director Técnico do Padroado da Cultura do Concello de Narón, quen recibe, nese mesmo acto de presentación das Actas, o Premio da Academia Galega de Teatro a toda unha vida ao servizo público do teatro: Vaian pois os nosos parabéns para Luciano e tamén para o Ateneo Ferrolán por seren motor e plataforma de transformación social, para poñer a cultura e o teatro a carón do público.

Antes, durante e despois de marzo de 1972

Bernardo Máiz Vázquez

O que veu despois xa é outra historia e nós, como é propio dunha estirpe rebelde: “sempre volvemos renacer, sempre xurdimos outra vez tras mil derrotas”.
(Xosé Luís Rivas, “Mini”)

“A algúns anos veloces sucedéronos de súpeto os meses máis vertixinosos. Ocorreu en Ferrol, na primavera de 1972, e ía repetirse diante dos nosos fociños e Vigo, durante todo setembro.” (Luís Rei Núñez, 2022)



Alegoría. A. Permui, 1978

ANTES DE 1972

O protagonismo da oposición ao franquismo, pulado até os primeiros anos setenta case en exclusiva polo PC, correspondeulle principalmente a obreiros e estudantes, O movemento obreiro, dirixido por CCOO, fora evolucionando a grandes pasos da reivindicación laboral estrita, e o escolar desde aspectos puramente académicos, cara a obxectivos políticos (democracia, liberdade, amnistía; na Galiza incluíamos a reivindicación dos nosos dereitos como pobo. Eses elementos conformaran un fervello de progresiva e ilusionada rebeldía, formación e combate “contra a mesma base do sistema fascista de goberno que impera no país”, como remataba un panfleto de 1971.

DURANTE 1972

Santiago, 1972 (7.500 estudantes.).- Comezando aplicarse na universidade a Ley General de Educación nos últimos meses de 1971, nun proceso nado na universidade de Barcelona, o estudantado presentou unha táboa reivindicativa ampla, debatida e meditada, contra o numerus clausus, o sistema de acceso a estudos superiores (COU mais selectividade), a división en tres ciclos deses estudos (diplomatura, licenciatura, doutoramento), a creación de diferentes plans de estudos nas mesmas titulacións (dificultando traslados e validacións), a elevación de taxas, a calidade científica e do ensino, pola elección democrática de representantes, etcétera.

O Ministerio de Educación, e na Galiza o reitorado compostelá, mantíñanse intransixentes, polo que o 20 de xaneiro comezou en Santiago unha riola de asembleas, peches, follas volandeiras, manifestacións, detencións. Os días 5 e 6 de febreiro as autoridades académicas e gobernativas sancionaron a vinte estudantes caracterizados (a seis de nós con sancións duplas), a solidariedade baldeirou as aulas e mobilizou o país con recollida de firmas, entre elas do comité de Bazán. Deses días en diante en Santiago medrou a parálise académica, as cargas policiais e as detencións.

2-¿[illegible]?-1967

La Voz de Galicia

Doble conato de manifestación disuelto por la fuerza pública en El Ferrol

EL FERROL DEL CAUDILLO, 1[illegible]. — (De nuestra Delegación). — A las doce y media de la tarde, a la salida de la Factoría Bazán, un grupo de su personal, que se aproximaba a los seiscientos productores, recorrió varias calles, entre otras las de San Amaro, Callao y General Mola.

Cuando se encontraban en la última de las vías mencionadas, hizo acto de presencia la fuerza pública.

Sonó el toque de corneta y, a través de un megáfono, se les hizo saber: «Esta reunión es ilegal, las medidas que se adopten dependen de ustedes».

Inmediatamente se disolvieron.

:: :: ::

Minutos después, un grupo inferior al anterior, recorrió la calle de Galiano y al llegar a la Plaza del Marqués de Alborán, la fuerza pública adoptó idéntico procedimiento, disolviéndose los manifestantes.

:: :: ::

FERROL, 15. — (De nuestra Delegación). — En el día de hoy han pasado a la cárcel, a disposición de la autoridad militar, diez personas, de las que a siete se las considera responsables de la formación de organizaciones clandestinas declaradas ilegales, habiéndoseles ocupado documentación de tipo comunista, y de su participación directa en los hechos que se les imputan. Las otras tres, por actos de agresión e insultos a la fuerza armada en el pasado día trece.

Militarización Bazán 1947

ANUNCIO

MILITARIZACION DEL PERSONAL DE LA FACTORIA

Se hace público al personal de esta Factoría que, por orden comunicada núm. 468 del Ministerio de Marina, fecha 3 de Noviembre de 1947, está militarizado todo el personal de la misma.

En su virtud, quedan sujetos al fuero de la Marina de Guerra y a las Leyes Penales de la Armada, todos los individuos pertenecientes a esta Factoría.

Esta Dependencia de la Autoridad Jurisdiccional de la Armada, se entiende, pues, por razón de la persona y también por razón de lugar, por lo que afecta a los hechos que puedan ocurrir dentro de la Factoría, ya que estos establecimientos están considerados como recinto militar.

Todo productor de esta Factoría, deberá conocer personalmente a todas las personas a quien esta orden confiere categoría militar superior a la suya propia.

Las asimilaciones militares que en el Orden Jerárquico corresponden al personal de la Factoría, son las siguientes:

CATEGORIA EN LA FACTORIA	ASIMILACION MILITAR	
Director	Coronel	
Ingenieros y personal con título técnico o facultativo	Capitán	
Maestros	Mayor	Están incluidos en esta asimilación: Proyectistas, Delineantes de 1.ª, Ayudantes de Trabajos, Personal de Laboratorio, Jefes de 1.ª, Jefes de 2.ª y Jefe de Guardas.
Encargados de 1.ª, Guardas y Porteros	Contramaestre 1.ª	Están incluidos en esta asimilación: Delineantes de 2.ª, Oficiales Administrativos de 1.ª y 2.ª y Patrones de Embarcaciones.
Encargados de 2.ª y similares	Contramaestre 2.ª	Están incluidos en esta asimilación: Maquinistas de Embarcaciones, Calcadores, Archiveros, Auxiliares, Revisadores, Escribientes de Taller y Practicantes.
Oficiales de 1.ª	Cabos	Están incluidos en esta asimilación: Choferes, Guardianes de Centrales Eléctricas y Bomberos.
Todo el personal restante	Marinero de oficio	
Aprendices en edad militar	Marinero	Están incluidos en esta asimilación los Pinches.

Astano

El Ferrol del Caudillo: GRAVES INCIDENTES CALLEJEROS

Dos muertos y 36 heridos es el balance de los enfrentamientos entre 3.000 manifestantes y las fuerzas del Orden Público

El Ferrol del Caudillo, 10. (Servicio especial para «La Vanguardia».) — Dos muertos y 36 heridos, dos muy graves, 4 graves, 16 menos graves, 10 sin calificar y 4 leves, son el balance de una jornada tensa y dramática que tiene consternada a la población ferrolana. Los incidentes de hoy han sido culminación violenta del ambiente conflictivo en la «Bazán», agudizado el día anterior como consecuencia de los expedientes instruidos a dos vocales jurados y 4 enlaces sindicales.

Desde las seis de la mañana, hora en que habitualmente entra a trabajar el primer turno de la mañana en la factoría, y posteriormente en horas de entrada normal a las siete y media, se observó una importante concentración de trabajadores en la zona de los Cantones. Las puertas de la factoría «Bazán» permanecieron cerradas, de acuerdo con el aviso hecho público en la víspera.

Minutos antes de las ocho los concentrados en el Cantón iniciaron la marcha por las calles de Primo de Rivera, Plaza del Marqués de Alborán, Galiano, Plaza de España y Avenida de Jorge Vigón. Parece ser que en la última de dichas avenidas se paralizó el tráfico en ambos sentidos y la concentración se desplazó entonces hacia la explanada del Pilar.

Hizo acto de presencia, sobre las ocho y cuarto, la Policía Armada. A través de megáfonos se hizo saber a los manifestantes que debían disolverse inmediatamente. La concentración obrera persistió y se produjo el enfrentamiento. Se arrojaron piedras contra la fuerza pública. Los agentes hicieron uso de las armas de fuego. Varios manifestantes fueron alcanzados y se originó la dramática confusión consiguient[illegible] y trasladados a centros sani[illegible] después, la [illegible] de Tráfico restablecía la circulación de vehículos.


La Vanguardia 11/03/1972

Ferrol, 1972 (10. 000 operarios no sector naval).- Na negociación dos convenios as forzosamente clandestinas CCOO nas que militaban case todos os enlaces e xurados da EN Bazán ferrolá conseguiran melloras laborais superiores ás das factorías de Cádiz e Cartagena. Negociándose en Madrid o 5º convenio (que a empresa quería único para as tres), dende o día 1 de Marzo as CCOO convocaban en Bazán-Ferrol asembleas cotiás informativas que transcendían á solidaria sociedade comarcal. O día 6, sen presenza de representantes dos traballadores ferrolás, foi asinado en Madrid un convenio común para Cadiz – Cartaxena - Ferrol, extremo coñecido en Ferrol de inmediato.

Na mañá do día 9, sabedora á asemblea de traballadores de sancións, agresións e detención de varios dos seus representantes, optaron por un peche indefinido dentro da factoría, producíndose as 17 horas un violen tísimo desaloxo policial. Ao serán, a dirección de Bazán dispuxo o "lockout" empresarial.

Na mañanciña do día 10 os traballadores atoparon pechadas as portas da factoría, polo que marcharon en manifestación polas rúas chamando á solidariedade da cidadanía. Bloqueados os manifestantes no inicio da Avenida das Pías por dúas seccións da Policía Armada esta disparou, e a consecuencia do tiroteo morreron Amador Rey e Daniel Niebla, resultando feridos de bala 25-30 persoas. Coa bisbarra en estado de sitio durante 10 días e Bazán militarizada o 17, a resposta de Ferrolterra foi total contra a barbarie, mais un fortísimo labor policial levou á detención de máis de 160 persoas, outras tantas foron despedidas só en Bazán, outras mais agachadas ou camiño do exilio.

Santiago, 1972.- Na situación combativa sinalada máis atrás, o mesmo 10 de marzo soubemos o que sucedera en Ferrol e Santiago estalou en ira. Segundo informe do capitán da Policía Armada Blázquez (que o día seguinte marchou a Ferrol),



FUERZAS DE LA POLICIA ARMADA
9ª COMPAÑIA
EL FERROL DEL CAUDILLO
ASUNTO: Informando incidentes ocurridos el día 10 de los corrientes en esta ciudad.

EXCMO. SEÑOR:

Para su conocimiento tengo el honor de informar a V.E. que sobre las ocho horas nos comunicaron de la Comisaría de Policía que por la Avenida del Generalísimo hasta la confluencia con la Avenida de Jorge Vigón (de las Pías), se había concentrado una gran cantidad de alborotadores entorpeciendo la circulación y coaccionando a cuantos vehículos intentaban salir de la Ciudad para que no lo efectuaran, por lo cual dí ordenes a los Tenientes DON EVELIO VAZQUEZ CORA y DON SACRAMENTO FLORES PLAZA, para que al mando de sus respectivas Secciones, se dirigieran en dos autocares y dos jeeps por la Plaza del Pilar a la salida de la Avenida de Jorge Vigón (Pías), para restablecer el orden en los puntos antes indicados.

Al llegar a la altura de la Iglesia del Pilar se ordenó al personal bajar de los autocares y el Teniente Vazquez Cora con el corneta enlace y el megáfono, se adelantaron para efectuar la intimidación reglamentaria, dado el primer toque de corneta, ya desplegada la Fuerza en orden de encuentro, una avalancha de tres mil individuos en un área de unos cuatrocientos metros y a los gritos de a "lincharlos" "a por los asesinos hijos de puta" se lanzaron sobre la Fuerza arrojando gran cantidad de piedras, objetos metálicos y enarbolando barras de hierro, palos y armas blancas y en una maniobra envolvente por los flancos de la Fuerza, por lo que ante la imposibilidad de usar la defensa para contención de los atacantes y verse arrollados y cercados, sin previa orden se efectuaron algunos disparos al aire, sin resultado alguno ya que los atacantes gritaban "a por estos hijos de puta" que tiran con balas de goma y fogueo. replegándose las unidades sobre los autocares al objeto de defender estos medios que se veían en inminente peligro de destrucción persistiendo la muchedumbre en su ataque con los medios ya indicados produciendose varios heridos en las fuerzas, por lo que se continuó el repliegue y disparos de intimidación al aire, dando la orden de subida a los autocares y jeeps, los cuales tenían grandes desperfectos y roturas de cristales, para dirigirnos al Acuartelamiento para defenderlo pues se oían voces de "a por ellos al Cuartel que son pocos y muchos de ellos heridos".

Antes de retirarse se recogió a uno de los agresores que se hallaba tirado en el suelo siendo trasladado urgentemente a un centro sanitario por un jeep de estas Fuerzas.

Sobre las 12'30 llegó a esta unidad el Capitán, procedente de Santiago de Compostela, D. FERNANDO BLAZQUEZ REY, haciendose cargo del Mando de la Unidad, a quien por ordenanza le corresponde.

Informe P. Armada



LA POLICE FRANQUISTE ASSASSINE A EL FERROL

Le Peuple Bretón. Xuño 1972



DOS MUERTOS Y VARIOS HERIDOS AL ATACAR LOS MANIFESTANTES A LA POLICIA ARMADA EN EL FERROL DEL CAUDILLO

Las fuerzas del orden tuvieron que refugiarse en sus cuarteles

LOS ALBOROTADORES RECORRIERON LAS CALLES APEDREANDO COMERCIOS Y EDIFICIOS OFICIALES

La Coruña 10. La Oficina de Información del Gobierno Civil de La Coruña ha facilitado la siguiente nota:

«Como consecuencia de las actividades de células de matiz comunista que días atrás se vinieron acusando en la factoría Bazán de El Ferrol del Caudillo, y sobre las cuales se viene practicando una intensa investigación, a primeras horas de la mañana de hoy, en Los Cantones, frente a dicha empresa, se concentraron grupos de productores de la misma, que fueron a su vez reclutando a otros con la intención de trasladarse a otras factorías, para incitar a los obreros de aquéllas para sumarse al movimiento de subversión por ellos iniciado.

Por la actitud de violencia de los manifestantes, que se calcula en un número aproximado a 3.000, que ocasionaron diversos daños en la propiedad privada, así como coacciones a la población civil y comercio local, se hizo necesaria la intervención de las fuerzas de Policía Armada, la cual, ante la agresión de los revoltosos, tuvo que hacer uso de las armas, resultando de este enfrentamiento un muerto, identificado como Amador Rey Rodríguez, y tres heridos graves de los manifestantes, así como veinte lesionados de diversa consideración entre los miembros de la Policía Armada, dos hospitalizados, entre ellos el capitán y el teniente que mandaban las fuerzas.

Nota Gobierno Civil, Coruña. Ferrol Diario 11/03/1972



ABC
MADRID, SABADO 11 DE MARZO DE 1972

GRAVISIMO INCIDENTE

La bella ciudad de El Ferrol del Caudillo (en la foto, vista panorámica desde la ría) ha sido víctima de lamentabilísimos incidentes, a los que hay que calificar de muy graves. La Fuerza Pública se vio obligada a disparar contra una manifestación formada por varios miles de personas. Hubo un muerto y numerosos heridos. Amplia información en páginas de tipografía.

Portada ABC. 11/03/1972


P. de España

acurrados na Praza de Compostela, A Senra, Porta Faxeira, por "una masa enfebrecida de más de mil personas" que berraban "Policía asesina", "Estudiantes con Ferrol", os grises retrocederon até pecharse na comisaría, que algún exaltado quería asaltar. Paralizada a universidade e a cidade, saíu unha "Declaración conjunta de obreros y estudiantes gallegos" (que sabemos redactada polo PCG), coas consignas de "Libertad de expresión, derecho de reunión, derecho de huelga, Fuera la policía de las fábricas y de las universidades". Como en todo o país, os días seguintes e moitos máis houbo pintadas, follas volandeiras,… e moi duras manifestacións especialmente na parte nova de Compostela, con pedrexas e cócteles molotof contra a policía.


P. de España

Vigo, 1972: 25-30.000 traballadores industriais: Citröen (4.000), Álvarez (2.000), sector naval (estaleiros 4.500), etc, etc.

O día 11 de marzo as CCOO chamaron a un paro solidario con Ferrol, que foi medrando nas rúas con manifestacións. O día 15 a policía cargou na Porta do Sol con extrema violencia contra unha numerosa concentración solidaria, seguida de detencións e sancións.


P. de España

En Maio, a mala xestión da dirección do estaleiro Barreras levou ao peche desa empresa o día 23, xustamente cando estaba a negociarse o convenio; ese mesmo día comezou a protesta, nas seguintes xornadas a práctica totalidade dos traballadores da bisbarra viguesa foron sumándose a paros e manifestacións en apoio dos de Barreras. Aínda que o día 31 houbo acordos, iniciarase unha nova estratexia, unha dinámica intelixentemente revolucionaria no movemento obreiro galego.

Relación de mortos e feridos (10/03/1972)


RELACION DE MUERTOS Y HERIDOS:

D. Amador Rey Rodriguez.-fallecido por impacto de bala en el pecho.
D. Daniel Niebla Garcia.-fallecido por herida de bala en la cabeza.
D. Alfonso Quintela Tenreiro.-gravisimo por herida de bala en cabeza
D. Julio Aneiros Fernandez.- id. por herida de bala en clavicula.
D. Victor Castro Couce.- id. por herida de bala en el pecho.
D. Claudino Freire Carballo.-grave por herida bala en pierna derecha.
D. Santiago Arrojo Perez.-menos grave por herida bala region lumbar-sacra.
D. Cipriano López Pita.- id. id. por herida de bala en una mano.
D. Eladio Telgy.- grave por herida de bala en el cuello.
D. Jose Rey Otero.- id. id. id.
D. Marcelino Piñon Rodriguez.-herida de bala en maxilar.
D. Jose Carlos Diaz Ramos.- herida de bala en región renal.
D. Antonio Fernandez Martinez.-herida de bala en brazo.
D. Jose Suarez Pita.- id. id. id.
D. Antonio Perez Fraga.- id. id. id.
D. Jose Antonio Lamas Tojeiro.-herida de bala en cuello.
D. Jose Maria Perez Gonzalez.- herida de bala en muslo.
D. Abelardo Teijeiro Lage.- herida de bala en una pierna.
D. Antonio Perez Fraga.- herida de bala en el brazo.
D. Gabriel Doburro.-Julio Montero.-Jose Antonio Diaz Vidal.-
D. Jose Pita.-Jaime Lia Perez y Ramon Vigo que sufren contusiones por golpes recibidos el dia 9, hallandose hospitalizados.

Ese cambio de liña estalou no mes de Setembro, cando a intransixencia da dirección da Citröen e o despido de traballadores, motivou dende o 11 unha cadea de folgas fábrica a fabrica, día a día, de xeito que, implicados tódolos sectores sociais, na bisbarra de Vigo houbo folga xeral dende o día 16 ao 25 de Setembro, con máis de 30.000 traballadores en paro. Con Vigo tomado pola policía e a garda civil, nunha dura escalada (barricada a barricada) de acción-reacción-reflexión-acción que afondou na concienciación proletaria e que, por obra da mínima Organización Obreira (OO, dentro de CCOO), transcendía ás organizacións clásicas da esquerda política ou sindical, unha reflexión táctica e ideolóxica tanto no movemento obreiro como nun nacionalismo que ía achegándose á confluencia dialéctica entre loita de clases e liberación nacional.

DESPOIS DE 1972

As CCOO seguiron protagonizando as reivindicacións da Galiza proletaria, mais o impacto do setenta e dous representou un cualitativo salto adiante nas formas de combater á ditadura e na irrupción sindical do nacionalismo galego de esquerda na súa estratexia de frontes (cultural, estudantil, obreiro...) evolución perceptible nos "Terra e Tempo" (voceiro da UPG) de 1972, no primeiro número de 1973, nun extraordinario sobre marzo de 1972 e nun "Informe nº1 do "fronte obreiro" da UPG, estes dous da autoría de Moncho Reboiras; a estratexia sindical baseábase en células que editaban voceiros, ERGA en 1973, en 1974 UTEG, CCLL UTBG, UTSG, para artellar en 1975 o SOG, "un sindicato dos obreiros de Galicia pola única razón de que este é o anaco do mundo que nos tocou no reparto". Sen renunciar -aínda- ás CCOO, o SOG-ING acadou en 1978 o 13'5% dos delegados sindicais.



AMADOR REY RODRIGUEZ

Y

DANIEL NIEBLA GARCIA

Trabajadores de la Empresa Bazán
Fallecidos en el Ferrol
el día 10 de Marzo de 1.972

D. E. P.

Sus compañeros ruegan
les tengan presentes en la
memoria.

Imprenta SAN ESTEBAN. Portillo-Fono D. Legal C-113. - 1.972

Recordatorio Amador e Daniel



Portada T e T, xaneiro 1973, París



ferrol diario

11 absueltos y 10 condenados

Sentencia del T. O. P. por los sucesos de Ferrol

Xuízo dos 23

MULLER E AMIANTO, HAI ALGO MÁIS?



SARA GONZÁLEZ VEIGA

Escritora e graduada en Dereito e Relacións Laboráis (USC), autora do Trabarlo Fin de Grao "Aunque cueste respirar: estudio del amianto con perspectiva de género"

Para Joaquín, in memoriam

O amianto e a muller, un binomio bastante estraño se o les por primeira vez. Analicemos ambas palabras po r separado: muller, pode darnos unha idea de que abordaremos temas en feminino; e amianto, quizais nese momento non nos demos conta, pero podemos asocialo coa famosa uralita. Está algo máis centrado o tema? Podemos dicir que si, pero...

Isto foi o primeiro que pasou pola miña mente cando me propuxen estudar a relación entre o amianto e as mulleres. Todo o mundo pensaba que non tiña máis relevancia que esa, xa que os efectos serán os mesmos en todas as persoas, rematando por afirmar que o amianto é un veleno que mata e que destrúe todo o que está próximo a el. Pero eu sempre pensei, como di Andrés Suárez nunha das súas letras, que hai algo máis. Os meus titores pensaron que sería complexo, pero non dubidaron nin un segundo en comezar a pasarme todo o material que se lles aparecía na mente (documentais da situación do amianto en todo o mundo, posibles prestacións que as mulleres podían solicitar...)

pero non atopamos nin un só traballo que abordase o binomio muller-amianto. E aquí é onde ven o maior muro de formigón que atopei: a inexistencia de información neste tema. Esta afirmación debe ser puntualizada, xa que non é certa completamente. Lembro que a primeira fonte que me aportou algo de luz nun momento de absoluta escuridade foi un breve artigo nunha revista médica dunha doutora de atención primaria a quen lle chegaron dúas irmás á súa consulta con molestias respiratorias e, tras moitas preguntas e a adopción do protocolo do amianto, descubriu que traballaran gran parte da súa vida arranxando sacos nunha empresa á cal chegaban cheos dun po branco que resultou ser amianto. Resultado? Dúas mulleres con asbestose recoñecida como enfermidade profesional[1]

Pero irnos máis ala... Durante as décadas do 60 e 70, o número de mulleres que traballan fóra das súas casas non era demasiado elevado. Unha gran maioría de mulleres adicaban a totalidade da súa vida a coidar da súa familia e do seu fogar (persoas como a miña avoa), quen ás veces tiñan que limpar e lavar as roupas de traballo dos seus homes, fillos ou pais (os buzos de Bazán e Astano coñecidos por todos os habitantes da comarca de Ferrolterra), equipos que habitualmente podían estar repletos de amianto, xa que sempre lembro como meu avó contaba que teñen durmido cando ían "velar" entre placas de amianto, fumaban cerca deste material... Este material vivía nas súas vidas como se de un fillo máis se tratase.

Tras coñecer esta información eu pregunteime: estas mulleres non teñen dereitos? E comecei a mergullarme na xurisprudencia, a cal xa recoñeceu en sentencias como a de 2019 dun Xulgado do Social de Tortosa, a condena á empresa por permitir que as mulleres lavasen as roupas do traballo na casa, cando dende o punto de vista da prevención de riscos isto estaba totalmente prohibido. Tamén se están a recoñecer sentenzas como a de marzo de 2021 da Sala do Civil do Tribunal Supremo recoñecendo a condición de vítimas a mulleres veciñas dunha fábrica de amianto afectadas por patoloxías causadas polo maldito veleno de sete letras. Vaia, que máis me esperaba?

Todas as persoas temos pulmóns, temos larinxe, temos corazón (aínda que só fisioloxicamente falando), pero non todas, só as mulleres, temos ovarios ou útero. A miña seguinte formulación foi: pode afectar ao amianto especialmente a estes órganos? E a miña sorpresa foi cando comprobei que efectivamente si. En países como Alemaña xa está recoñecido o cancro de ovarios como enfermidade profesional vinculada ao amianto. En España non atopamos na listaxe de substancias e patoloxías orixinadoras de enfermidades profesionais ningunha, repito, NINGUNHA patoloxía feminina específica causada polo amianto. Aínda se dubida se hai algo que cambiar na sociedade?

Todo isto levoume a varias conclusións, establecendo como a primeira delas a fixación como hipótese principal do traballo da demostración dunha existencia de discriminación por razón de sexo no cadro de enfermidades profesionais español, a cal pode ser arranxada coa introdución tan necesaria da perspectiva de xénero de maneira transversal, en particular no ámbito da prevención de riscos e no dereito da Seguridade Social, e en xeral no ámbito xurídico.

A segunda das conclusións foi ver como volven ser as mulleres quen collen a bandeira da loita (como vimos nas nosas rías con exemplos como Madres contra la droga, encabezadas por Carmen Avendaño) e crean asociacións como ANANAR. María Asunción é a súa presidenta, muller e viúva dun home traballador quen lle foi arrebatado polo amianto. Dende ese momento, comezou a loitar porque outras mulleres e homes coma ela visen os dereitos dos seus familiares recoñecidos; co cal eu quixen destacar o papel das asociacións, como ocorre no caso de AGAVIDA e outras asociacións en defensa do amianto en toda a xeografía española.

A terceira das conclusións é a necesidade de formación médica en temas de amianto e concretamente en patoloxías específicas da muller, xa que é moi relevante ter isto presente dende todas as ramas médicas, non só na neumoloxía, senón tamén na xinecoloxía, entre outras.

Outras conclusións serían a defensa pola aprobación dunha Lei integral contra o amianto, a creación dun Fondo de Compensación para as vítimas, unha unificación xurisdicional ao determinar cal das xurisdicións será a competente para levar os temas en relación co amianto (evitando a peregrinación da que Rober Amado fala no seu libro Peregrinos del amianto, o cal os recomendo encarecidamente, sendo un libro vital para o meu traballo).

Con todo, tan só puido dar as gracias aos meus titores e a persoas como Mari Asun porque ao facer este traballo sinto que coñecín mellor á miña comarca e aos meus veciños, incluso á miña familia. E, porque non dicilo, tamén estou moi orgullosa de poder dicir que este traballo é o primeiro académico que se centra só na relación muller-amianto, algo que tamén me fai reflexionar sobre a necesidade que tiña o mundo de saber o que eu conto nas case 130 follas que compoñen Amianto e muller, o meu traballo de fin de grao, o cal oxalá algún día xa non sexa necesario.

NOTAS AO TEXTO:

1. González Gómez, M.F. (2011, Salud laboral y género. Apuntes para la incorporación de la perspectiva de género en el ámbito de la prevención de riesgos laborales. Occupational health and gender. Notes to incorporate

exposición

15 anos de arqueoloxía da UDC en Oriente Próximo



decembro 2021 / marzo 2022

FACENDO HISTORIA

Comisario da exposición: Juan Luís Montero Fenollós
Fotografías: Eloy Taboada, José Pardo e Víctor Rivera
Audiovisuais: Iris Producións e Jesús Busto
Revisión de textos: Servizo de Normalización Lingüística da UDC
Deseño gráfico: Proxectos Gráficos Aldine Ferrol


Ateneo Ferrolán
R/ Magdalena 202,
15402 Ferrol


de luns a venres,
de 11:00 a 13:30 h
e de 17:00 a 21:00 h


Visitas guiadas
baixo demanda:
fenollos@udc.gal

UNIVERSIDADE DA CORUÑA











Fotografía: Eloy Taboada

Juan Luís Montero Fenollós (Lorca, 1968) é Doutor en Historia pola Universitat de Barcelona (1996) e investigador do Instituto do Próximo Oriente Antigo da mesma universidade (1993-2001). Na actualidade, é profesor titular de Historia Antiga na Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña (campus de Ferrol). Especializado en arqueoloxía de Oriente Próximo, entre 2005 e 2011, dirixiu a expedición arqueolóxica sirio-española en Deir ez-Zor, en Siria. Recibiu, en 2005, o premio Concepción Arenal de investigación en Humanidades polo proxecto "Tras as pegadas da torre de Babel". En 2009, foi nomeado Caballero da Orde das Palmas Académicas, condecoración que concede o Ministerio de Educación da República Francesa. Durante o curso 2014-2015 foi o titular da Cátedra Santander de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa e durante o 2017 - 2018 da Cátedra Jorge Juan en Ferrol. Desde 2017, co-dirixe o proxecto arqueolóxico internacional en Tell o-Far'a, en Palestina. Publicou varios libros sobre historia e arqueoloxía de Babilonia.



Entre decembro de 2021 e marzo de 2022, o Ateneo Ferrolán ha acollido a exposición temporal "Facendo Historia. 15 anos de arqueoloxía dá Universidade da Coruña en Oriente Próximo", actividade divulgativa que estivo acompañada de visitas guiadas, conferencias e proxeccións audiovisuais. Con que obxectivo organizouse esta exposición?

A mostra organizouse para dar a coñecer á sociedade de forma amena e didáctica os quince anos (2005-2020) de investigacións arqueolóxicas da Facultade de Humanidades de Ferrol (UDC) en Siria e Palestina, unha iniciativa científica pioneira en Galicia.

Estes tres lustros de traballo, nos que participaron máis de sesenta persoas de seis nacionalidades, serviron para poñer ao campus ferrolán no mapa da arqueoloxía internacional.

Cal é a razón de investigar en Siria e Palestina a miles de quilómetros de Galicia?

A resposta é sinxela: esta rexión é o berce da civilización. Toda ela é un gran libro de historia universal, que aínda oculta datos fundamentais para estudar temas tan importantes como a orixe das cidades, da escritura ou dos textos bíblicos.

Quen participou na mostra?
Esta exposición é o froito dun traballo colectivo. Sen as magníficas fotos e vídeos dos fotógrafos ferroláns José Pardo, Eloy Taboada e Víctor Rivera o proxecto non sería posible. Eles foron os nosos ollos sobre o terreo. As súas fotos funcionaron como unha gran xanela aberta coa que mostrar á sociedade ferrolá unha iniciativa única. A UDC, o grupo de investigación CulXeo e a Sociedade Luso-Galega de Estudos Mesopotámicos patrocinaron a mostra, mentres que o Ateneo Ferrolán ha cedido as súas magníficas instalacións.

Como se estruturou a mostra?
O deseño da exposición estivo dominado en todo momento pola didáctica, por unha linguaxe sinxela e accesible ao gran público. A divulgación e a educación fóra das aulas son fundamentais para unha Universidade pública como a nosa. O percorrido polas dúas plantas do Ateneo organizouse en varios módulos temáticos compostos de fotografías, planos, textos, vitrinas e audiovisuais, que se completaron cun espazo reservado para recrear unha escavación arqueolóxica na Mesopotamia do ano 3300 a.C. O visitante puido achegarse de forma amena a diversos aspectos relacionados co proxecto arqueolóxico da UDC como son: orixes, Oriente Próximo, cooperación, ciencia, vida cotiá, arqueoloxía, difusión, e imaxes e sons.



A exposición foi, tamén, unha modesta homenaxe aos nosos amigos, colegas e colaboradores sirios e palestinos, vítimas da intolerancia, da violencia, e da indiferenza da comunidade internacional.


Foto: José Pardo

Como funcionaron as visitas guiadas?
As visitas foron un éxito e estiveron abertas a escolares, asociacións e colectivos de todas as idades. Creo que as organizadas para estudantes de primaria e de ESO gustaron moito, pois incluía un taller de introdución á escritura mesopotámica, a máis antiga do mundo. Aprenderon algo totalmente novo para eles: como era unha escola de escribas e como se escribía fai máis de cinco mil anos. Os nenos íanse encantados co seu nome escrito por eles mesmos en cuneiforme. Unha experiencia única, que creo non esquecerán. Igualmente, poder simular e participar nunha escavación no chamado "recuncho da arqueoloxía" tamén lles atraeu moitísimo. Espero sementar a semente de futuras vocacións no ámbito da arqueoloxía.

Cales foron as grandes achegas da UDC nestes anos de arqueoloxía en Oriente?
As achegas científicas foron varias e o proxecto, ademais, segue en activo. Entre outras, destacaría dous: unha sobre as orixes do pan cara ao 3500 a.C. e outra sobre a expansión dos reis asirios cara ao 1250 a.C. A través de estudos de laboratorio e da arqueoloxía experimental cremos descubrir o uso duns enigmáticos cuncos de cerámica como moldes para elaborar pan con fermento. Para un sumerio comer pan e beber cervexa era símbolo de civilización. Fomos, ademais, o primeiro equipo español en atopar textos cuneiformes en arxila. O seu estudo serviu para reescribir os roteiros comerciais e o seu itinerario xunto ao *Éufrates en tempos do imperio asirio.

Como é organizar un proxecto arqueolóxico en Palestina?
É un proceso complexo e laborioso. Hai que ter presente que Palestina é un país moi fráxil e inestable, un (case) Estado, que aínda non foi recoñecido internacionalmente por todos os países da ONU, España entre eles. O noso proxecto arqueolóxico en Tell o-Far'a (Cisxordania) non está á marxe do conflito palestino-israelí, pero conseguimos ata o de agora que sexa unha especie de illa onde só teña cabida o coñecemento. Non hai mellor vía para o entendemento entre os pobos que a ciencia e a cultura da paz. Ademais, os tempos da arqueoloxía colonial xa pasaron. Agora é o momento da cooperación entre iguais.

Apóiase suficientemente este tipo de proxectos de investigación dentro do campo das Humanidades?
Se nos comparamos con outros países do contexto europeo, a resposta é non. España neste momento ten unha ducia de proxectos arqueolóxicos activos en Oriente Próximo (Israel, Palestina, Xordania, Líbano, Emiratos Árabes e Iraq) que, en xeral, reciben un financiamento suficiente pero mellorable.

“ esta rexión é o berce da civilización”
[Siria e Palestina]



Temos que competir cos nosos colegas europeos en inferioridade de condicións, pois ao baixo financiamento hai que engadir a escasa tradición en España no campo da arqueoloxía oriental, o que provoca unha falta de bibliotecas, de laboratorios e, sobre todo, de capital humano. O peche, ao acabar este curso, do título de Humanidades en Ferrol prexudicará a formación de futuros especialistas neste campo da Historia Antiga e a Arqueoloxía, que é minoritario na universidade española. É unha pésima noticia para os que amamos a cultura, a historia e o coñecemento universal.

Que lle supuxo traballar no mundo árabe?

Escavar en Siria e Palestina achegoume experiencias vitais irrepetíbeis, que me marcaron para sempre no persoal e o profesional. Amo profundamente aquelas terras orientais e a hospitalidade da súa xente. Traballar alí é un agasallo. É un soño cumprido e un camiño, persoal e intelectual, polo que non penso deixar de transitar.



Foto: José Pardo

“Escavar en Siria e Palestina achegoume experiencias vitais irrepetíbeis, que me marcaron para sempre no persoal e o profesional”

O Cercado do Monte da Lagoa: Hipóteses sobre a súa adscrición

Asociación Cultural Ferrolterra Antiga
(Antonio Casal, Rubén Labisbal, Manuel Pita)

O límite noroccidental entre os concellos de Ferrol e Narón vén marcado polas alturas do Monte da Lagoa. Neste lugar, previamente á formación dos modernos concellos, confluían tres parroquias: San Martiño de Covas, Santa Uxía de Mandía e Santa María do Val, actualmente integradas, as dúas primeiras, no concello de Ferrol e a terceira delas no concello de Narón. Como posible recordo desta tripla confluencia aparece no lugar o topónimo "Fonte dos Tres Alcaldes" Dito lugar, segundo testemuña André Pena Granha, tería a atribución de Porta do Alén, a cal en datas sinaladas, como durante a noite de San Xoán, permitiría o tránsito entre ámbalas dúas realidades. Tamén, nese tempo podería escoitarse no lugar a música producida por un mouro ao tocar unha gaita de ouro.

Perto da Fonte dos Tres Alcaldes, do lado do concello de Narón, nun outeiro de formas redondeadas, nomeado como da Pena Grande, apréciase a presencia dun recinto ovalado. Este esténdese polo cumio do outeiro, o cal queda delimitado por un muro perimetral.



Hipsométrico e PNOA 2017 do Cercado da Lagoa. Plan Básico Autonómico

As súas dimensións son duns 60 metros no seu eixo NO-SE e de 45 metros no eixo SO-NE. Como se sinalou, o espazo esta rodeado por un muro, probablemente conformado en grandes cachotes da propia pedra granítica do lugar. Na actualidade aprécianse dúas interrupcións no muro, nas seccións NO e SE, coincidindo co trazado dunha pista ou cortalumes, se ben, probablemente a entrada orixinaria ao recinto fora ao do lado NO.

O outeiro no que se localiza aparece individualizado do resto de elevacións, cunha altura duns 304 metros de altitude que lle confire un predominio visual sobre a contorna e o resto de cumios do lado leste. Se ben, as elevacións máis altas do lado oeste do Monte de Lagoa fan que o outeiro da Pena Grande quede algo invisibilizado ou agochado. En definitiva, non semella que a localización do recinto responda a unha función ou aproveitamento estratéxico / defensivo.


O cercado da Lagoa tralos incendios do ano 2017 .
Fotografía de A.C.Ferrolterra Antiga

O recinto foi catalogado por André Pena Granha, quen datouno como un xacemento do Neolítico Final, denominándoo como cercado ou couso neolítico, e atribuíndolle unha función pastoril, como espazo para gorecer o gando. Para Pena Granha, estes curros vedros, conformados por pedras fincadas, estarían presentes pola Europa Atlántica.


O cercado da Lagoa na actualidade(2022).
Fotografía de A.C. Ferrolterra Antiga.

Agora ben, un recente estudo impulsado dende a Universidade de Santiago de Compostela, ao cargo dos arqueólogos Pilar Prieto e Luis Cordeiro ten aberto a posibilidade dunha adscrición diferente para o recinto do Monte da Lagoa. No seu traballo de catalogación teñen documentado, ata o momento, 43 estruturas circulares, entre as cales se inclúe o cercado do Monte da Lagoa.

De maneira xenérica compartirían estas unha serie de características, que permitirían consideralas como similares a algúns xacementos previamente coñecidos e estudados con metodoloxía arqueolóxica. Presentan todas elas unha forma circular ou ovalada, delimitadas por un parapeto e coa presencia, nalgúns casos, dun foxo. As dimensións dos mesmos é variable, mais a meirande parte dos xacementos catalogados teñen un diámetro de entre 50 e 70 metros.

En base aos mencionados traballos arqueolóxicos, desenvolvidos previamente nalgunhas destas estruturas, como no caso da Roda de Barreiros, tense podido outorgarlles unha adscrición ao período do Bronce Final. Á súa vez, ao non constatarse durante os traballos arqueolóxicos indicios de espazos de habitación, ten levado á consideración destes espazos como lugares de uso social ou ritual, e, mesmo, de tipo funerario pola alta presencia de fosfatos documentada nas análises do xacemento de Ventosiño.

Ante a falta dunha intervención arqueolóxica que certifique a cronoloxía do cercado do Monte da Lagoa, e da publicación dun catálogo completo que permita contrastar as súas características cós diferentes xacementos identificados, polo de agora, limitámonos a expoñer as diferentes hipóteses existentes. Sinalar que polas características do xacemento parece pouco probable que se trate dun poboado castrexo, tal e como aparece sinalado nalgúns planos da Xunta.
No que respecta a súa localización nun cumio, isto diferénciao, por exemplo, do xacemento da Roda de Barreiros; se ben, a súas proporcións son acordes á media deste tipo de xacementos catalogados por Pilar Prieto e Luis Cordeiro.

Concluíndo, estamos ante un xacemento que, en base aos recentes estudos sobre estruturas circulares do Bronce Final, ten que ser, cando menos, reconsiderado (e así semella que o teñen feito Pilar Prieto e Luís Cordeiro) á espera das necesarias accións arqueolóxicas que ofrezan novos datos ao respecto dun interesantísimo patrimonio duns montes da nosa comarca, ultimamente ameazados polo frenético boom dos parque eólicos.

BIBLIOGRAFÍA:
PENA GRANHA, A. "Narón un Concello con historia de seu" Concello de Narón, 2010.

WEBGRAFÍA:
Cercado neolítico da Lagoa o Val (1 de agosto de 2017) Patrimonio Galego.net
http://patrimoniogalego.net/index.php/95736/2017/08/castro-de-pena-grande/
Casas, A.(10 de novembro de 2021) "Henge galegos: grandes círculos que abren a porta a un pasado descoñecido na historia de Galicia" Galicia Confidencial.
http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/179850-henge-galegos-grandes-circulos-abren-porta-pasado-desconecido-historia-galicia





PROMOCIÓN DO GRAO EN INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Estamos de felicitacións!. O bibliotecario do Ateneo Ferrolán Fernando Rivera García foi elixido padriño externo da promoción do Grao de Información e Documentación. O pasado sábado 18 (xuño) participou no acto de entrega de diplomas ás novas tituladas da Facultade de Humanidades e Documentación de Ferrol.

No acto asistiu tamén o noso presidente Xabier Montero Dongil. O Ateneo Ferrolán colabora coa Facultade de Humanidades e Documentación, entre outras actividades, na titoría de alumnas e alumnos que desenvolven as súas prácticas na nosa Biblioteca-Hemeroteca.

Reproducimos o discurso de Fernando Rivera realizado no Salón de Actos e Despachos do Campus Ferrol o 18 de xuño, como padriño externo da promoción do Grao de Información e Documentación. **Parabéns ás recentes graduadas!!!**

Reitor da Universidade da Coruña; vicerreitora; decana; madriñas; alumnas, amigas e amigos,

Boa tarde, supoño que estaredes impacientes por recibir o voso máis que merecido diploma de grao, así que serei breve.

Quero dirixir o meu agradecemento primeiro á Facultade de Humanidades e Documentación –a miña facultade– e por extensión a esta nosa Universidade da Coruña, pola invitación para participar nesta celebración. Síntome, a verdade, moi honrado.

Quero agradecervos moi especialmente ás alumnas do grao de documentación por facerme partícipe da vosa ledicia sendo o voso padriño, nomeamento que levo e levarei con moito orgullo.

Pertenzo á segunda promoción de Biblioteconomía e Documentación que saíu desta facultade hai xa 22 anos, e da que formaban parte persoas tan recoñecidas como a vosa madriña e profesora Rocío.

Neste momento feliz quero lembrar precisamente ao que fora o noso padriño daquela, Manuel Pérez Grueiro, que pertenceu a esa xeración de bibliotecarias e bibliotecarios que comezaron a armar, con medios moi precarios pero con moita ilusión e arelas democráticas, as primeiras redes e infraestruturas bibliotecarias trala ditadura franquista, nun país no que estaba todo por facer.

Foi fundador e presidiu a Asociación Bibliotecaria Galega, que pulou (entre outras moitas cousas) pola creación dunha escola de biblioteconomía en Galiza... Esta nosa escola, que tanto custou traer a Ferrol e á que deberiamos (parafraseando ao primeiro ministro británico William Pitt cando falaba desta cidade) protexer e coidar rodeándoa dunha muralla de prata.

Todos os que o coñecemos a Grueiro sabemos da súa enerxía e paixón por facer cousas, converteu a súa biblioteca no nodo da acción cultural do seu concello, sacando adiante numerosas iniciativas como as xornadas literarias ou a revista de estudos locais. E o que ten máis mérito, dándolle continuidade no tempo. Tamén, e seguindo as tendencias internacionais do momento, nucleou a biblioteca como un centro social no sentido máis amplo do termo, onde os cidadáns –tamén os excluídos– atopaban, en pé de igualdade, acubillo non só para alimentar as súas inquedanzas intelectuais, senón tamén refuxio para se resgardar materialmente do frío nos longos días do inverno, como el mesmo relataba, aquí, nesta facultade.

Con el aprendemos a importancia do traballo bibliotecario, que vai máis aló das labores técnicas de descrición ou da organización... Os profesionais da información e a documentación, chamémonos bibliotecarias, arquiveiras, documentalistas, museólogas... desenvolvemos algo que é máis ca un traballo.

Non nos adicamos á mera prestación de servizos ou un intercambio de mercadorías, mesmo cando desenvolvemos as nosas funcións no ámbito privado.

En moitos casos, o desempeño do noso traballo vincúlanos coa prestación dun servizo de utilidade pública, actuamos como garantes de dereitos da cidadanía, somos depositarios dun legado de saberes e responsables de transmitir a nosa memoria colectiva para ás xeracións presentes e futuras. Traballamos en suma, polo ben común e servimos á sociedade no seu conxunto.

Quero pensar que, en certo modo, a miña modesta aportación como profesional da información e a documentación para con vós, se mo permitides miñas afilladas e desde hoxe tamén compañeiras de profesión, está inspirada en boa parte polo exemplo e a inmensa xenerosidade dos profesionais que nos precederon.

Desde a miña posición profesional, tanto eu como a entidade á que represento, o Ateneo Ferrolán, quero reafirmar o noso compromiso de colaboración e apoio coa universidade (e aquí está o meu presidente, D. Xabier Montero Dongil para respaldalo), porque queremos seguir sendo parte desa grande rede multidisciplinar, interpersoal e tamén interxeracional, que comezáchedes a tecer ao entrar polas portas desta institución académica.

...E vou rematando xa: hoxe certificades o peche dunha etapa moi importante nas vosas vidas. podedes parar sobre o alto da montaña, como no coñecido cadro de Friedrich, e observar a paisaxe que se abre ante vós.

Non vou dicir que o panorama que tedes ante vós é doado, non fai falla, xa o sabedes desde o momento en que elixistes cursar estes estudos (tamén os de Humanidades), salvando todo tipo de prexuizos infundados e visións negativas. Nesa primeira proba xa demostrastes que tedes personalidade e confianza nas vosas capacidades.

Agora contades con competencias técnicas, dixitais e humanísticas, adquiridas ao longo destes catro anos. Estas ferramentas xunto coa vosa curiosidade infinda, vocación e compromiso, son toda a equipaxe que precisades para andar os vieiros académicos ou profesionais que decidades emprender a partir de hoxe.

Moitos seguiredes a vosa formación académica, pode que nesta mesma facultade, outras incorporarédesvos a un mercado laboral pragado de precariedades, pero con moitas necesidades e, polo tanto, oportunidades; algunhas tentaredes emprender iniciativas de autoemprego; e outras prepararedes o voso ingreso na Administración Pública, tan precisada de profesionais conscientes e comprometidas que loiten contra o acoso das privatizacións encubertas e do mercantilismo interesado que asexa aos Servizos Públicos.

En definitiva, tedes moitos retos por diante, deséxovos un venturoso futuro, mais non apartedes nunca a vista dos vosos obxectivos e da vocación polo servizo da nosa profesión.

Boa tarde, e boa sorte!








Fotos: Xoán Porto

FERROL

